

ACTA DA MESA DE ALCALDES E ALCALDESA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA

Reunidos no Salón Vermello do Palacio de María Pita do Concello da Coruña, ás 17.05 horas do 20 de marzo de 2018 .

Asisten:

- D. Xulio Ferreiro Baamonde, Alcalde de A Coruña
- Dna. Alejandra Pérez Máquez, Alcaldesa de Bergondo
- D. Ramón García Vázquez, Alcalde de Betanzos
- D. Óscar García Patiño, Alcalde de Cambre
- D. José Ramón Rioboo Castro , Alcalde de Culleredo.
- D. Ángel García Seoane, Alcalde Oleiros
- D. Óscar Benito Portela, Alcalde de Sada

Non asisten:

- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde de Abegondo
- D. Carlos Calvelo Martínez, Alcalde de Arteixo
- D. José Luis Fernández, Alcalde de Carral

▪ Benvida do Alcalde da Coruña e fai entrega da documentación que se relaciona:

- Ratificación dos acordos de Mariñán do 2 de marzo de 2018:
 - Comunicación dirixida ao Ministro de Fomento
 - Comunicación dirixida ao Presidente da Xunta de Galicia
 - Comunicación dirixida ao Presidente da Deputación Provincial da Coruña
 - Antecedentes Solicitud Entrevista Mº de Fomento
- Enquisa domiciliada de Mobilidade da Área Metropolitana da Coruña 2017. Informe de Resultados. Area Metropolitana da Coruña.
- Enquisa domiciliada de Mobilidade da Área Metropolitana da Coruña 2017. Informe de Resultados. Separata de cada concello.
- Documento: Asistencia técnica de apoio á coordinación xeral do proceso de conformación da estratexia metropolitana da Area da Coruña
- Proposta de Acordo da Mesa Metropolitana do Transporte
- Comunicación Acordo dirixida á Conselleira de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia
- Carta dirixida á Conselleira de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia

- Análise do Sistema Metropolitano de Innovación e definición da Estratexia Metropolitana de Innovación, InnovaCM
- Informe Proceso participativo Area Metropolitana da Coruña. Outubro de 2017/marzo de 2018
- Documento: Mesa Metropolitana de Promoción Económica, Emprego e Turismo

Iníciase a sesión ás 17.05 horas para abordar, segundo a convocatoria efectuada, a seguinte
Orde do Día:

1. Ratificación dos acordos de Mariñán do 2 de marzo de 2018

Explica as propostas o alcalde da Coruña e tras un breve intercambio de pareceres entre alcaldes e alcaldesa acórdase ratificar os acordos de Mariñán de 2/03/18 por unanimidade:

- a. Carta Ministerio de Fomento
- b. Carta Presidente da Xunta de Galicia
- c. Carta Presidente Deputación da Coruña

2. Estado da cuestión respecto do Plan de Accesibilidade do Transporte Metropolitano

- O Alcalde da Coruña da conta do proceso de implantación do Plan de Accesibilidade do Transporte Metropolitano. Sinala que a día de hoxe, a terceira fase está sen data de implementación, e que a valoración do proceso seguido até agora é razoablemente positivo.

Tras un breve intercambio de pareceres, tómase coñecemento.

3. Estado dos traballos desenvolvidos dende o Concello da Coruña para o impulso da Área Metropolitana

Explica o asunto o Alcalde da Coruña

- a. Enquisa Orixe-Destino
 - Presenta o avance dos resultados e conclusións da enquisa
 - Farase público en abril
 - É a primeira realizada con carácter metropolitano
 - É o punto de partida para articular un sistema metropolitano de mobilidade
- b. Sistema de Transporte Público da Coruña
 - Presenta o asunto o Alcalde da Coruña poñéndoo en relación ca Enquisa Orixe-Destino



- c. Coordinación Mesas Metropolitanas
 - Dáse conta da inminente contratación
- d. Autoridade Única de Transporte (AUT)
 - Estudo de situación e perspectivas para a transición da situación actual do transporte na área urbana da Coruña cara á conformación dunha autoridade única de transporte, AUT

Tras un breve intercambio de pareceres, tómase coñecemento.

4. Toma en consideración e adopción de acordos, se procede, sobre as propostas elevadas pola Mesa Metropolitana do Transporte

Explica as propostas o Alcalde da Coruña,

- a. Proposta Mesa Metropolitana de Transporte
- b. Carta Conselleira de Infraestruturas

Tras un breve intercambio de pareceres acórdase por unanimidade asumir as propostas formuladas pola Mesa Metropolitana de Transporte.

5. Estratexia Metropolitana de Innovación InnovaCM

Explica as propostas o Alcalde da Coruña. Tómase coñecemento.

6. Finalización e conclusións do proceso participativo da Área Metropolitana

Explica as propostas o Alcalde da Coruña. Tómase coñecemento.

7. Pasos a seguir

Explica as propostas o Alcalde da Coruña e acórdase por unanimidade conformar as seguintes Mesas de Traballo:

- a. Mesa Metropolitana de Promoción Económica, Emprego e Turismo
- b. Mesa Metropolitana de Innovación

8. Rogos e preguntas

Adóptase, por unanimidade, o seguinte acordo como resumo e comunicación da Mesa celebrada:

A Mesa de Alcaldes/a reafirma a súa aposta pola constitución dunha Área Metropolitana plena para A Coruña e a súa contorna a través da tramitación da correspondente lei no Parlamento de Galicia. Así mesmo, acorda retomar o informe dos xuristas da Universidade da Coruña e, en paralelo ao impulso dun modelo común de mobilidade sostible, avanzar no estudo das competencias que podería asumir o novo ente en primeira instancia, para o que se convocará unha xornada de traballo específica.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a reunión ás 18.30 horas.

A Coruña, 20 de marzo de 2018

O alcalde da Coruña,




Asdo.: Xulio Ferreiro Barrio

A alcaldesa de Bergondo,



Asdo.: Alejandra Pérez Máquez

O alcalde de Betanzos,




Asdo.: José Ramón García Vázquez

O alcalde de Cambre,


Asdo.: Óscar García Patiño

O alcalde de Culleredo,




Asdo.: José Ramón Rioboo Castro

O alcalde de Oleiros,



Asdo.: Angel García Seoane

O alcalde de Sada,



Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández